

8 de marzo- Día Internacional da Muller

# MULLERES DO MAR



## O MAR TAMÉN TEN NOME DE MULLER

Galicia e o mar están unidos dende sempre. É nesa historia, as mulleres tiveron e teñen un papel fundamental.

Coas súas mans e o seu esforzo sosteñen tradicións, oficios e comunidades mariñeiras.

Durante xeracións, moitas mulleres dedicaron o seu esforzo aos oficios do mar: mariscando; reparando redes; traballando nas conserveiras ou vendendo peixe.

Neste 8 de marzo, queremos render homenaxe ás mulleres do mar, exemplos de traballo, valentía e compromiso co noso patrimonio mariñeiro.

Queremos visibilizar o seu traballo e poñer en valor a súa importante contribución á sociedade e á economía das nosas costas.

Porque o mar tamén ten nome de muller.



# MARISCADORAS

As mariscadoras son mulleres que traballan no marisqueo, é dicir, na recollida de marisco nas praias e nas zonas intermareais.

Este traballo é moi importante en Galicia, xa que o marisco forma parte da nosa cultura, da nosa economía e da nosa gastronomía. O seu labor consiste en buscar e recoller diferentes especies de marisco, como ameixas, berberechos, navallas ou longueiróns, entre outros.

Para poder facelo, teñen que coñecer moi ben o mar, as mareas e os lugares onde vive cada especie. As mariscadoras adoitan traballar cando baixa a marea, xa que é cando quedan ao descuberto as zonas onde se atopa o marisco.

A maioría das persoas que traballan no marisqueo a pé son mulleres, chegando en moitos casos a representar máis do 80 % do sector.

As mariscadoras tamén participan no coidado e conservación das praias, xa que colaboran na limpeza das zonas de marisqueo, no control das especies e no respecto polos tamaños mínimos para garantir que o marisco poida reproducirse.

Para realizar o seu traballo, as mariscadoras empregan diferentes ferramentas, como por exemplo:

- Sacho ou angazo
- Raño
- Cesta
- Rastro de man
- Luvas e botas de auga

Estas ferramentas axúdanlles a traballar de maneira máis eficaz e a coidar o fondo mariño.



<https://www.youtube.com/watch?v=h-fd1tmJJ1A&t=116s>

# GLOSARIO



Sacho: Ferramenta manual, habitualmente agrícola, composta por unha folla metálica ancha, grosa e curvada, insertada nun pao de madeira largo.

As mariscadoras úsano para remover a area e o fango durante a baixamar, deixando así ao descuberto moluscos como ameixas e berberechos.




Angazo: Utensilio formado por un mango longo, rematado nun dos extremos por un pao atravesado que ten dentes de ferro ou madeira. Úsase para desenterrar os moluscos. Con el "peitean" a area para localizar o marisco, aínda que a súa selección faise manualmente.



Raño: Ferramenta similar ao angazo, pero cos dentes dispostos a modo de cesta. Pódese usar en zonas de baixamar, mais tamén no marisqueo a flote (dende unha embarcación). Algúns deles teñen a separación entre dentes xusta para que os moluscos capturados teñan o tamaño legal.



Baixamar: É o momento do ciclo das mareas no que o mar alcanza o seu nivel máis baixo. As praias ampliáanse, e as rochas e outros obstáculos vólvense máis visibles. É entón cando quedan ao descuberto os bancos de area e fango nos que viven os moluscos bivalvos.



# PERCEBEIRAS

As percebeiras son mulleres que se dedican á recollida de percebes, un marisco moi apreciado que vive pegado ás rochas nas zonas onde rompen as ondas do mar.

Este é un dos traballos máis duros e perigosos do mar, xa que as percebeiras teñen que traballar en cantís e rochas moi batidas polo mar. Por iso deben coñecer moi ben o estado do mar, as mareas e o momento adecuado para poder recoller os percebes con seguridade.

As percebeiras adoitan traballar en grupo para poder coidarse unhas ás outras, xa que as ondas poden ser moi fortes. A experiencia e o coñecemento do mar son fundamentais para realizar este traballo.


Aínda que durante moito tempo foi un oficio maioritariamente masculino, cada vez hai máis mulleres percebeiras, que demostran cada día a súa forza, experiencia e coñecemento do mar.

Para recoller os percebes, empregan diferentes ferramentas e materiais de protección:

- Raspa ou espátula: para despegar os percebes das rochas.
- Sacho pequeno: ás veces utilízase para axudar a desprendelos.
- Cesta ou rede: onde gardan os percebes recollidos.
- Traxe de neopreno ou roupa impermeable: para protexerse da auga e do frío.
- Botas ou calzado especial antiescorregadizo: para evitar esvarar nas rochas molladas.



# GLOSARIO



Cantil: Terreo abrupto, xeralmente rochoso, en forma de pendente. Particularmente, referímonos aos máis próximos á costa, nas rochas escarpadas que van a dar ao mar. É alí onde as percebeiras realizan a súa actividade.



Raspa/espátula: Instrumento de ferro, xeralmente co mango de madeira, formado por unha lámina aplanada en forma de pa. Usase para extraer os percebes das rochas sen danar o pedúnculo (a parte comestible).



Partes do percebe: Chámaselle unlla á parte dura do percebe, que está cuberta de varias escamas. A zona comestible, cilíndrica e recuberta de pel de cor escura, é o pedunculo, que no seu extremo permite a fixación do percebe á rocha.



Cesta ou rede: As percebeiras adoitan levar unha cesta suxeita á cintura para gardar os percebes, como pode verse na imaxe. Antigamente eran de vimbio, mais agora empréganse de rede ou materiais sintéticos. Isto permítelles ter as mans libres mentres traballan.



# REDEIRAS

As redeiras son mulleres que se dedican a facer, reparar e preparar as redes de pesca que utilizan os barcos para capturar peixe e marisco. O seu traballo é fundamental para o sector pesqueiro, xa que sen redes en bo estado os barcos non poderían saír a faenar.

As redeiras traballan normalmente nos portos ou nos locais das confrarías, onde revisan as redes que se estragan durante a pesca. Con moita habilidade e paciencia, van cosendo e reconstruíndo as partes rotas, deixando as redes listas para volver ao mar.

Historicamente, o traballo das redeiras estivo moi ligado ás mulleres das familias mariñeiras. Mentres os homes saían ao mar, elas encargábanse de preparar e arranxar as redes nos portos.

En Galicia, a gran maioría das persoas que exercen este oficio son mulleres, chegando a representar arredor do 80-90% das profesionais do sector. Hoxe en día, as redeiras están organizadas en asociacións e confrarías, que traballan para dar visibilidade a este oficio tradicional e mellorar as súas condicións laborais.

Para realizar o seu traballo, as redeiras empregan diferentes ferramentas, como por exemplo:

- Agulla de rede
- Fío ou corda resistente: para unir e reforzar as partes danadas.
- Tesoiras ou coitelos: para cortar cordas e preparar os remendos.
- Luvas de protección: para evitar feridas nas mans.

Coa axuda destas ferramentas, as redeiras poden reparar redes moi grandes que ás veces miden centos de metros.



<https://www.youtube.com/watch?v=5ssz5kP5rPM>

# GLOSARIO




Partes das redes: Chámaselle malla a cada un dos ocos da rede. O seu tamaño varía dependendo do que se queira capturar.

Chámaselle relinga á corda que recorre o borde da rede. Na relinga superior colocaranse as boias para manter a rede a flote.



Agulla de rede: As agullas das redeiras miden entre 10 e 25 cm, sendo máis grandes canto maior é a malla da rede. Ten unha forma alargada e plana, similar a un barquiño. Os dous extremos rematan en punta (un deles en forma de U), e no centro adoita haber unha lingüeta onde se enrola o fío.



Luvas: Algunhas redeiras usan luvas para protexer as mans das agullas. Aínda así, moitas das mulleres traballan sen elas para gañar sensibilidade, tacto e precisión nos nós.



Peirao: Os peiraos son construcións na marxe do mar que procuran o abrigo das embarcacións e facilitan o desembarque de mercancías. Neles dispóñense moitas veces as redes a reparar. Antes, as redeiras facían o seu traballo alí mesmo, mentres que agora se agrupan en locais propios ou nas confrarías dos pescadores.

# ARMADORAS



As armadoras son mulleres que se encargan de xestionar e organizar a actividade dun barco de pesca. O seu traballo é moi importante, xa que son as responsables de preparar todo o necesario para que o barco poida saír ao mar.


Entre as súas tarefas están contratar a tripulación, organizar as saídas de pesca e os aparells necesarios, controlar os gastos e os ingresos e supervisar o mantemento do barco. Tamén se encargan de tramitar permisos, licenzas e documentación necesaria para a actividade pesqueira.

Durante moito tempo, o papel das mulleres no sector do mar estivo pouco recoñecido. Con todo, cada vez hai máis mulleres armadoras, que dirixen embarcacións e empresas pesqueiras.

En Galicia, as mulleres teñen unha presenza cada vez maior na xestión das empresas do mar e forman parte activa das confrarías e organizacións do sector pesqueiro.

Grazas ao seu traballo, contribúen ao funcionamento da actividade pesqueira e ao desenvolvemento económico das vilas mariñeiras.

 <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2021/10/31/llegar-58999805.html>

 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/yes/2026/01/24/32-anos-me-hice-marinera-propio-barco/0003\\_202601SY24P24991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/yes/2026/01/24/32-anos-me-hice-marinera-propio-barco/0003_202601SY24P24991.htm)

 [https://www.youtube.com/watch?v=fn5iaL\\_x-mc](https://www.youtube.com/watch?v=fn5iaL_x-mc)


# GLOSARIO



Tripulación: O conxunto de profesionais (capitán, patrón, mariñeiros, mecánicos) contratados pola armadora para traballar a bordo.



Aparellos: O conxunto de artes e utensilios de pesca (redes, palangres, nasas) necesarios para capturar o peixe.



Confraría: É unha organización sen ánimo de lucro que agrupa aos profesionais do mar dunha localidade ou zona determinada. A súa función principal é representar e defender os intereses das pescadoras, mariscadoras e armadoras locais.



Vila (mariñeira): Unha vila é un núcleo de poboación que está a medio camiño entre unha aldea e unha cidade. As vilas mariñeiras están situadas na costa e medraron, maioritariamente, grazas ao traballo do mar. Algúns exemplos serían Pontedeume, Redes, Muros...

# OUTRAS MULLERES DO MAR



**PEIXEIRAS**



**CONSERVEIRAS**



**BIÓLOGAS MARIÑAS**



**OCEANÓGRAFAS**



# PÁXINAS DE INTERESE

## ANMUPESCA

Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca



<https://www.anmupesca.org/>



<https://www.redeirasdegalicia.org/>

## O PEIRAO

REDEIRAS ARTESÁS

## S SEREAS

<https://sereasdomar.org/>



<https://oceanicas.ieo.es/>

## ms

mulleres  
salgadas


<https://mulleressalgadas.es/>

# ACTIVIDADES



## XOGO DE MEMORIA INTERACTIVO

<https://view.genially.com/69a9e98be06e65845efc3ae7/interactive-content-xogo-de-memoria-mulleres-do-mar>



## ADIVIÑAS

## MURAL INTERNIVEL: “REDEIRAS” DE LUIS DAVILA

Facilitarase a cada aula unha parte da obra en tamaño A3, será para pintar con témpera e expoñer a obra no centro.



Entre rochas e moita escuma  
traballo cando baixa a lúa.

Co mar bravo teño coidado,  
pois o meu tesouro está  
pegado.

Que muller do mar son?

PERCEBEIRA

Na area busco con paciencia,  
cun sachó e moita experiencia.

Ameixas e berberechos podó  
atopar cando o mar decide  
marchar.

Quen son?

MARISCADORA

Entre fíos e redes estou, con  
agulla grande traballo eu.

Arranxo as redes con moito  
esmero para que o peixe  
cheque ao porto enteiro.

Que oficio teño?

REDEIRA

Teño barcos que saen ao mar,  
a pescar e logo regresar.

Organizo, mando e teño  
coidado de que todo estea ben  
preparado.

Quen son?

ARMADORA

No mercado podes atoparme,  
con peixe fresco para levarte.

Merluza, sardiña ou robaliza,  
vendo peixe que moito  
alimenta.

Que profesión teño?

PEIXEIRA

No mar gústame investigar,  
peixes, algas e corais estudar.

Coido do océano con ilusión  
para protexer toda a súa vida e  
riqueza.

Quen son?

BIÓLOGA MARINA